



Día das Letras Galegas 2008

Ramón Piñeiro



Nas cantigas trobadorescas fála-se da saudade como unha mágoa causada pola separación entre os amantes.

Unha doncela solitaria pregúntase magoada sobre a ausencia do seu amado:

-Ai, flores do verde pino,  
se sabedes novas do meu amigo!  
Ai, Deus, e u é?

A primeira fonte documental do seu uso data de 1335, nunha troba atribuída ao Rei don Dinís sobre a trágica historia de amor da galega dona Inés de Castro.

Nun principio significaba "morrer de amor"; hoxe o dicionario di que saudade significa: "o sentimento gosto-amargo, as carinhosas sensacións que desperta o bem ausente, como 'un sentimento, perda ou distanciamento do objecto, pessoa, lugar, situación, etc. que à nossa consciéncia se apresenta como un bem'".

Teixeira de Pascoaes, escritor inserido no movemento cultural que data de 1910 e que tiña como obxectivo a recuperación dos valores orixinais e o renacemento cultural de Portugal.

Luis de Camões fala da saudade no seu poema: *Alma minha gentil que te partiste* en que o poeta non soportando a dor da separación quere morrer coma a súa amada para con ela vivir eternamente. Na fala popular é fórmula de cortesía e cumprimento:

*Damos saudades* a unha persoa que non se encontra presente e pola que o falante ten un especial cariño.


*Morrer de saudades* expresa a dor sentida pola ausencia ou morte de alguén. Portugal tamén foi un país de emigrantes, propenso, polo tanto, ao sentimento da nostalxia, da saudade pola separación entre os que marchan e os que fican á súa espera.

Fernando Pessoa foi un dos poetas preferidos para as letras de Amalia Rodrigues, a fadista máis famosa de toda a historia. A saudade é un tema recorrente nas súas letras.

### Etimoloxía

*Saudade* (alteración de *soidade*) do latín *SOLITATE*. A alteración do ditongo -oi -a -au- hai quen o explica acudindo a un cruzamento, a unha asociación de ideas coas palabras o os conceptos por elas expresados de *SAÚDE* e *SAUDAR*, por entender unha posible vinculación lóxica entre o sentimento de mágoa por sentirse só ante a ausencia de algo ou alguén e a negativa influencia deste sentimento na saúde.

Antonio Borges de Castro defende a procedencia árabe desde *SAUDÁ* ou *SUAIDÁ*. En servocroata existe hoxe, procedente do árabe a palabra *SAVDA* con semellante significado.



Teixeira de Pascoaes, poeta e principal teórico da saudade en Portugal. Director da revista *A Águia*. Nela fíxose popular o saudosismo.